



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2010 09:46
Nº Rexistro: 41805
Data envío: 22/07/2010 09:46:14.571

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**, relativa ao incumplimento do acordo sobre os Agrupamentos.

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria asinou en xullo de 2009 con diferentes forzas sindicais, nomeadamente STEG, CCOO, FETE-UGT E ANPE, un acordo sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para o efecto de constitución de unidades. Este acordo recollía que "a creación das novas unidades de educación infantil e de educación primaria derivadas da aplicación de presente acordo realizárase progresivamente e de forma proporcional nos cursos académicos 2009-2010 e 2010-2011, de tal xeito que a súa aplicación estará rematada ao inicio do curso 2010-2011."

Neste momento a Consellaría de Educación ten a obriga de cumprir o que asinou en xullo de 2009 e debe aplicar os criterios asinados para os agrupamentos. Sen embargo, a actitude da Consellaría é outra e pretende deixar sen aplicar este acordo no curso 2010-2011. Isto implica a conxelación de 104 novas unidades previstas polo acordo e a eliminación de 100 postos de traballo previstos. Tamén temos que engadirlle a perda de calidade educativa que suporá ter até vinte nenos e nenas, pode que nalgún caso máis, de distintas idades na mesma aula.

Por isto formúlase a seguinte Interpelación:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/07/2010 09:46
Nº Rexistro: 41805
Data envío: 22/07/2010 09:46:14.571

1. Por que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria incumple os acordos que asina?
2. É consciente a Consellaría do que significa ter até vinte nenos e nenas de diferentes idades nas mesmas aulas?
3. Que criterios se están adoptando neste momento para os agrupamentos visto que se incumple o acordo?
4. De existir algún criterio, este depende da Consellaría ou é decisión discrecional da propia inspección educativa?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2010

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/07/2010 9:45:46